

Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E SE APROBA A CONVOCATORIA DE PRAZAS E BOLSAS ERASMUS+ PARA A SELECCIÓN DE ESTUDANTES DE DOUTORAMENTO NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+ PARA O CURSO 2025-2026

A Universidade de Vigo é unha institución elixible tras a obtención da *Erasmus+ Charter for Higher Education* (ECHE) para participar no programa Erasmus+ 2021-2027. Como universidade participante no programa, a Universidade de Vigo presenta perante o *Servicio Español para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE) solicitudes de financiamento para levar a cabo actividades de mobilidade de estudantado, para estudos e/ou prácticas, e persoal, para docencia e/ou formación e dispón de financiamento para tramitar bolsas de mobilidade de estudantado de doutoramento no marco do proxecto 2024-1-ES01-KA131-HED-000225058¹. O contido desta convocatoria é responsabilidade exclusiva da Universidade de Vigo e nin a Comisión Europea nin o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) son responsables do uso que poida facerse da información aquí difundida.

En virtude do convenio asinado co SEPIE, a Universidade de Vigo convoca bolsas de mobilidade para estudantes de doutoramento no marco do programa Erasmus+ para o curso 2025-2026 co fin de realizaren estadias de investigación para a realización da tese en institucións participantes no programa.

En virtude dos convenios asinados e vista a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento, en virtude das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo, esta reitoría

RESOLVE:

1. Convocar as bolsas Erasmus+ en réxime de concorrencia competitiva destinadas a estudantes de programas de doutoramento da Universidade de Vigo que desexen realizar unha estadia de investigación durante o curso académico 2025-2026, co fin de incluír o seu resultado na elaboración da tese de doutoramento.
2. Ordenar a publicación desta convocatoria e das bases que a regulan, no [taboleiro electrónico da sede electrónica da Universidade de Vigo](#) e no [Portal de bolsas](#) da páxina web da Universidade de Vigo.
3. Aplicarlle a este procedemento a tramitación de urxencia, pola cal se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o reitor no prazo dun mes (Lei 39/2015, do 1 de outubro) e/ou recurso contencioso administrativo perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses (Lei 29/1998, de 13 de xuño).

Os prazos empezan a contar dende o día seguinte á publicación desta resolución. No caso de interpoñer recurso polas dúas vías, é preciso esperar a resolución expresa ou presunta do de reposición.

Vigo, na data da sinatura electrónica

¹ Este proxecto está cofinanciado polo programa Erasmus+ da Unión Europea. O contido desta convocatoria é responsabilidade exclusiva da Universidade de Vigo e nin a Comisión Europea, nin o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) son responsables do uso que poida facerse da información aquí difundida.





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

O reitor
Por delegación R.R. 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)
A vicerreitora de Internacionalización

M^a Isabel del Pozo Triviño

Código seguro de Verificación : GEN-5d63-7bbf-0425-5c3f-0e8d-5b6a-fda2-66f4 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>





ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE PRAZAS ERASMUS+ PARA ESTUDANTES DE
DOUTORAMENTO DA UNIVERSIDADE DE VIGO
CURSO 2025-2026

1. OBXECTO

Ofrecer ao estudantado matriculado en programas de doutoramento da Universidade de Vigo a posibilidade de realizar unha estadía de investigación, cuxos resultados se incluírán na elaboración da súa tese de doutoramento. A dita estadía realizarase nunha institución estranxeira cos seguintes obxectivos:

- Contribuír á creación dun Espazo Europeo de Educación de alcance mundial e reforzar o vínculo entre a educación e a investigación.
- Promover a empregabilidade, a inclusión social, o compromiso cívico, a innovación e a sustentabilidade medioambiental dentro de Europa e fóra dela noutras accións do programa.
- Propiciar que todo o estudantado de todos os ámbitos poida formarse no estranxeiro como parte dos seus estudos.
- Expor ao estudantado a distintos puntos de vista, coñecementos, métodos de ensino e investigación e prácticas de traballo no seu campo de estudo dentro do contexto europeo e internacional.
- Desenvolver as súas capacidades transversais (comunicación lingüística, pensamento crítico, resolución de problemas, interculturais e de investigación) e prospectivas (capacidades dixitais e ecolóxicas).
- Facilitar o seu desenvolvemento persoal: adaptación a novas situacións.

2. REQUISITOS

Poderá participar na presente convocatoria o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- Estar matriculado no curso académico 2024-2025 nun programa de doutoramento da Universidade de Vigo.
- O estudantado tamén **deberá estar matriculado** nun programa de doutoramento na Universidade de Vigo no curso académico 2025-2026.
- Non poderán solicitar un país de destino no que se teña ou tivera a súa residencia habitual e deberá ser diferente daquel no que se desenvolvera a súa formación académica previa ao doutoramento. Deberá estar en posesión do NIE.
- Contar co informe favorable das persoas directoras da tese e da comisión académica do programa de doutoramento (CAPD)
- Ter aprobado pola CAPD o plan de investigación, así como as avaliacións anuais que lle correspondan.
- Cumprir os requisitos específicos, de existiren, da institución de destino.
- Non superar os 12 meses de estadía total como Erasmus+ en doutoramento: No caso de ter realizado anteriormente outras estadías Erasmus+ no nivel de doutoramento, a suma de todas elas, incluída a desta solicitude, non poderá superar este límite. Neste cómputo inclúense tanto as bolsas Erasmus+ estudos como as de prácticas.



Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

- Non solicitar a realización da actividade de mobilidade en institucións non admisibles como organizacións de acollida:
 - As institucións da UE e outros organismos da UE, incluídas as axencias especializadas, cuxa listaxe exhaustiva se pode consultar no sitio web https://europa.eu/european-union/contact/institutions-bodies_es#instituciones-y-organismos
 - As organizacións que xestionen programas da UE, como as Axencias Nacionais, co fin de evitar conflitos de intereses ou dobre financiamento.
 - As embaixadas e representacións diplomáticas do país de orixe do/da estudante.
- Non poderán obter a condición de beneficiarias da bolsa Erasmus+ as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, como declaran na solicitude de participación nesta convocatoria.

3. DURACIÓN DA ESTADÍA

O programa Erasmus+ permite dúas opcións de mobilidades para o estudiantado de doutoramento:

- **Mobilidades de curta duración:** entre 5 e 30 días.
- **Mobilidades de longa duración:** entre **2 e 5 meses máximo** para países asociados ao programa e entre **2 e 3 meses máximo** para países terceiros non asociados ao programa.

Poderán financiarse dous días de viaxe adicionais, de ser necesario, para o desprazamento de ida e volta á universidade ou empresa de acollida. No caso de que estes desprazamentos se realicen nun medio de transporte ecolóxico, poderanse financiar adicionalmente ata catro días máis, segundo se explica no punto 4.1 destas bases.

Se con posterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes se decide ampliar o período da mobilidade financiado, o estudiantado deberá comunicar á ORI, cun prazo mínimo de antelación de 30 días, a súa intención de prorrogalo para recibir a confirmación da posibilidade de ampliación, preparar a documentación necesaria e verificar se existe a posibilidade de ampliación da dotación económica. En todo caso, a estadía non poderá superar o límite de meses financiados establecidos.

A data de inicio de estadía e de fin de estadía que se solicite será sempre un día hábil, un día laborable.

4. DOTACIÓN ECONÓMICA, CONCEPTOS E PAGAMENTO DA AXUDA

A bolsa Erasmus+ é unha axuda financiada pola Unión Europea co obxecto de sufragar os gastos complementarios por realizar unha actividade de mobilidade internacional. Esta non ten como finalidade cubrir a totalidade dos gastos dos estudos no estranxeiro.

A mobilidade de estudiantado de doutoramento está enmarcada na acción de Erasmus prácticas que permite a realización de estadias para períodos de investigación para a tese.

Nas dúas opcións de mobilidade, curta e longa duración, existen axudas adicionais para o estudiantado con menos oportunidades. Considérase **estudiantado con menos oportunidades:**

- O estudiantado cunha bolsa do Ministerio de Educación e Formación Profesional e Deportes (MEFPD) ou do Departamento do País Vasco no curso inmediatamente anterior a realizar a mobilidade.
- O estudiantado que teña recoñecida legalmente unha discapacidade en grao igual ou superior a un 33 %. De ser necesario, poderanse tramitar axudas adicionais dependendo do custo real dos gastos nos que incorrera a persoa beneficiaria mediante a presentación de facturas polos





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

seguintes conceptos: transporte, acompañantes, servizos profesionais, outro tipo de gastos derivados da mobilidade.

- O estudantado que estea en risco de exclusión social.
- O estudantado que teña a condición de persoa refuxiada ou con dereito a protección subsidiaria ou ter presentada unha solicitude de protección internacional en España.
- Vítimas de terrorismo, violencia de xénero.
- Familias numerosas, monoparentais ou orfos.
- O estudantado con persoas dependentes ao seu cargo.

4.1. APOIO INDIVIDUAL PARA A MOBILIDADE FÍSICA

MOBILIDADES DE CURTA DURACIÓN (DE 5 a 30 DÍAS):

Países	DURACIÓN	BOLSA ERASMUS+	BOLSA ERASMUS+ Bolseiros con menos oportunidades
Todos os países	Do día 1 ao 14	79 € /día	100 € adicionais (contía única)
Todos os países	Do día 15 ao 30	56 € /día	150 € adicionais (contía única)

O estudantado poderá percibir 2 días adicionais de axuda individual para viaxe estándar nesta modalidade.

MOBILIDADES DE LONGA DURACIÓN (MÍNIMO 2 MESES):

A contía da bolsa dependerá do país de destino segundo os seguintes grupos:

GRUPO	PAÍSES	BOLSA ERASMUS+	BOLSA ERASMUS+ Bolseiras/os con menos oportunidades*
GRUPO 1	Alemaña, Austria, Bélxica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Países Baixos e Suecia Rexións 13 e 14: Andorra, Estado de la Ciudad del Vaticano, Mónaco, San Marino Reino Unido e Suíza	500 € /mes	750 € /mes
GRUPO 2	Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Grecia, Letonia, Malta, Portugal e República Checa	450 € /mes	700 € /mes
GRUPO 3	Bulgaria, Croacia, Hungría, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, Romanía, Serbia e Turquía	400 € /mes	650 € /mes





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

TERCEIROS PAÍSES NON ASOCIADOS AO PROGRAMA	Resto de países extracomunitarios	700 € /mes	950€ /mes
-----------------------------------------------------------	-----------------------------------	------------	-----------

4.2. AXUDA DE VIAXE

O estudantado recibirá unha axuda de viaxe que se calculará empregando a calculadora de distancias proposta pola Comisión Europea, que poderá atopar na seguinte ligazón: http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm, tomando como referencia campus no que está matriculado na Universidade de Vigo ata a universidade de destino.

DISTANCIA DE VIAXE	En caso de viaxe non ecolóxica	En caso de viaxe ecolóxica*
Entre 10 e 99 Km.	28 € por participante	56 € por participante
Entre 100 e 499 Km.	211 € por participante	285 € por participante
Entre 500 e 1999 Km.	309 € por participante	417 € por participante
Entre 2000 e 2999 Km.	395 € por participante	535 € por participante
Entre 3000 e 3999 Km.	580 € por participante	785 € por participante
Entre 4000 e 7999 Km.	1.188 € por participante	1.188 € por participante
8000 Km. ou máis	1.735 € por participante	1.735 € por participante

*Considérase viaxe ecolóxica o desprazamento nas súas viaxes **de ida e volta** nun medio de transporte con baixas emisións no tramo principal do traxecto (autobús, tren ou automóbil compartido con outras persoas beneficiarias da bolsa). Para percibir esta axuda, o estudantado deberá confirmalo antes do inicio da estadia pois deberá estar reflectido no convenio de subvención e achegar ao final da estadia nun único documento PDF unha declaración xurada e os xustificantes (billetes de tren ou autobús) na plataforma MoveON, no Portal de mobilidades saíntes a través do Formulario de Seguimento habilitado.

A Universidade de Vigo consignará a cantidade total máxima estimada de 85.000 € en dúas anualidades para o que se achega o correspondente certificado de retención de crédito:

- En 2025, na aplicación orzamentaria 2025 00IN 121DERA 48210 un total de **30.000 €**.
- En 2026, na aplicación orzamentaria 2026 00IN 121DERA 48210 un total de **55.000 €**.

Este importe pode ampliarse dado que existe a posibilidade, en caso de necesidade, de que a financiación do SEPIE supere o crédito retido para esta convocatoria ou pola posibilidade de transferir fondos doutras partidas establecidas no convenio de subvención asinado pola Universidade de Vigo e SEPIE a esta partida de bolsas. O incremento do crédito nas condicións establecidas no artigo 58 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, permite fixar unha contía adicional que queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito e, no seu caso, á previa aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación de crédito deberá ser publicada no [Portal de bolsas](#), con carácter previo á resolución de concesión sen que tal publicación implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo do prazo para resolver.





5. SEGURIDADE SOCIAL

Ser beneficiario/a da bolsa suporá a aceptación do previsto no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación e na disposición adicional quincuaxésima segunda do texto reformado da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro e modificado polo Real Decreto-Lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da fenda de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións.

6. PAGAMENTO

O pago da bolsa Erasmus+ efectuarase mediante transferencia bancaria á conta indicada polo estudantado para participar no programa de intercambio e da que deberá ser titular.

Realizarase un primeiro pago polo importe correspondente ao 80 % da axuda no prazo de 30 días trala sinatura do convenio de subvención e a presentación da documentación obrigatoria antes de iniciar a estadia: contrato de estudos, comprobantes de ter contratado seguro de asistencia en viaxes, tarxeta sanitaria europea e *Online Linguistic Support (OLS)*, no caso de ser obrigatorio.

O importe restante aboarase tras a presentación do certificado final de estadia, os xustificantes de viaxe ecolóxica, se procede, e de completar a enquisa UE (*EU Survey*).

As axudas obxecto desta convocatoria están suxeitas á retención do IRPF que estableza a normativa vixente. As axudas concedidas a persoas participantes sen residencia fiscal en España, estarán suxeitas ás retencións estipuladas polas normativas tributarias aplicables.

Todas as axudas no cadro desta convocatoria estarán afectadas polas obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira).

7. INCOMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

O estudantado deberá verificar a compatibilidade da bolsa Erasmus+ con outras axudas das que poida gozar.

Esta axuda non ten como finalidade a asistencia a congresos.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

8. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

8.1. Presentación de solicitudes

A presentación de solicitudes supón a realización da totalidade dos seguintes pasos:

- Acceder ao Portal de mobilidades saíntes a través da ligazón <https://uvigo.moveun4.de/form/60c38279ac1c46496e1da6e4/spa>. O estudantado deberá identificarse cos datos de acceso á secretaría virtual.
- Unha vez dentro do portal, o estudantado deberá cumprimentar no apartado “procedementos abertos” o formulario correspondente á Convocatoria Erasmus+ doutoramento KA131 e achegar a documentación requirida.

Só se poderá presentar unha solicitude por estudante, polo que non deberán premer o botón de enviar ata revisar os datos e asegurarse de que a elección e a orde de prelación dos destinos é a correcta.





8.2. Documentación

No formulario de solicitude correspondente á convocatoria Erasmus+ KA131 doutoramento no apartado “documentos requiridos” poderá achegar a seguinte documentación:

- Pre-aceptación da institución/empresa de destino (anexo II) na que se inclúa a actividade investigadora, as datas de traballo previstas da estadía e a sinatura das persoas titoras por parte da Universidade de Vigo e da empresa/institución de acollida.
- Informe favorable do/a director/a da tese sobre a idoneidade da realización desta estadía e autorización do CAPD (anexo III) .
- **Certificacións oficiais de coñecemento de idiomas estranxeiros:** poderán subirse as certificacións do idioma que se empregará como lingua de traballo, que deberá acreditarse mediante a presentación das seguintes certificacións oficiais:
<https://www.acles.es/216-tablas-de-certificados-reconocidos-por-acles>
- **Certificado de ter gozado dunha bolsa Erasmus+:** só no caso do estudantado que gozase dunha bolsa Erasmus+ durante o período de doutoramento.
- No caso de estudos cursados nunha universidade distinta á Universidade de Vigo:
 - Expediente académico dos estudos de grao.
 - Acreditación de titulación de mestrado universitario.

8.3. Prazo de presentación

Establécense dous prazos de presentación de solicitudes:

1º período de presentación de solicitudes: estará aberto do **4 ao 20 de xuño de 2025** ás 23:59 hora peninsular española. As estadías que se soliciten neste período **deberán iniciarse en 2025** e poderán realizarse entre o 01/09/2025 e o 10/07/2026. A listaxe definitiva de persoas seleccionadas, excluídas e en lista de agarda resolverase con anterioridade ao 31 de xullo de 2025. Os fondos non empregados neste primeiro período poderán trasladarse ao segundo respectando o exercicio orzamentario.

2º período de presentación de solicitudes: estará aberto dende o **1 de setembro ao 30 de setembro de 2025** ás 23:59 hora peninsular española. As estadías que se soliciten neste período poderán realizarse entre o 12/01/2026 e o 10/07/2026.

9. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

9.1. Revisión de solicitudes: publicación das listaxes provisórias e prazo de emenda e alegacións
Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas, a Oficina de Relacións Internacionais (ORI) publicará a resolución coa listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante [instancia xenérica \(SXER\)](#) dirixida á ORI. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro.

Este prazo é só para emendar as causas de exclusión das solicitudes. En ningún caso se admitirán cambios nos destinos indicados na solicitude orixinal.

9.2. Revisión de alegacións e publicación da listaxe definitiva

Unha vez revisadas as alegacións, publicarase a resolución coa listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas coa mención da causa de exclusión.





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

9.3. Fase de selección: concesión provisional e prazo de alegacións

Unha comisión de avaliación efectuará o procedemento de selección.

A comisión estará composta por:

Presidente: Antonio Collazo Fernández, director da Escola Internacional de Doutoramento (EIDO)

Secretaria: Amelia Rodríguez Piña, directora técnica da ORI

Vogal: Carmen Losada Páez, xefa da sección de Doutoramento.

Terán prioridade as solicitudes de estadias de longa duración e as das persoas que soliciten realizar unha estadia Erasmus+ por 1ª vez durante o seu período de estudos de doutoramento.

A puntuación obtida por cada persoa candidata será a suma de:

- Avaliacións anuais aprobadas (2 puntos pola avaliación de 2023-24; 1,5 puntos pola de 2022-23 e 1 punto pola de 2021-22.
- A nota media ponderada (*) do expediente académico de grao ou licenciatura/enxeñaría (polo que accedeu ao doutoramento). O estudantado con titulación doutro país do EEES, deberá presentar, xunto coa certificación académica, unha declaración de equivalencia da nota media de expedientes académicos universitarios realizados en centros estranxeiros, obtida a través do procedemento online establecido polo Ministerio de Universidades no seguinte enderezo web: [Equivalencia de notas medias de estudos universitarios realizados en centros extranxeros - Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades - Secretaría General de Universidades](#)

En caso de non presentar a equivalencia entenderase que a nota media é 5,00.

(*) Calcularase a nota media ponderada multiplicando a media do expediente académico polos seguintes coeficientes correctores, segundo a rama de coñecemento á que está adscrita a titulación, no Rexistro de Universidades e Títulos:

Rama de coñecemento	Coficiente corrector
Enxeñaría e Arquitectura	1,117
Ciencias	1,11
Ciencias Sociais e Xurídicas	1
Ciencias da Saúde	1,026
Arte e Humanidades	1,000

- 0,25 puntos adicionais se a persoa solicitante acredita estar en posesión dalgún título de mestrado universitario. No caso de ter rematado varios estudos de mestrado só se computará un, o que lle deu acceso ao programa de doutoramento.
- Puntuaranse as acreditacións do coñecemento do idioma que se empregará na realización da estadia:
 - 0,25 puntos por acreditar coñecementos mínimos de nivel B1.
 - 0,50 puntos por acreditar B2
 - 0,75 puntos por acreditar C1/C2.

A Universidade aceptará as certificacións incluídas na [táboa de acreditacións aceptadas por ACLES](#). O estudantado que solicite destinos no que o español sexa a lingua de estudo deberá presentar, de posuílo, unha certificación de lingua inglesa que se computará no proceso de selección. Non se computarán a este efecto os coñecementos de lingua española ou galega.



Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

Nota: O baremo anterior da prioridade a estudiantado con maior antigüidade nos estudos de doutoramento. Para aquel que estea no mesmo ano, desempátase cos restantes criterios.

Publicarase unha resolución coa relación provisional do estudiantado seleccionado, solicitudes denegadas coa causa de denegación e lista de agarda e abrirase un período de reclamacións **de 5 días hábiles**, contados a partir do día seguinte da súa publicación. Estas reclamacións presentaranse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante [instancia xenérica \(SXER\)](#) dirixida á ORI.

9.4. Fase de selección: concesión definitiva

Revisadas as reclamacións, a ORI publicará a resolución definitiva de prazas concedidas, denegadas con mención da causa de denegación e lista de agarda, no caso de producirse renuncias.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o reitor no prazo de 1 mes (Lei 39/2015, do 1 de outubro) e/ou recurso contencioso administrativo perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de 2 meses (Lei 29/1998, de 13 de xuño). Os prazos empezan a contar desde o día seguinte á publicación da resolución. No caso de interpoñer recurso polas dúas vías, é preciso esperar a resolución expresa ou presunta do de reposición.

As resolucións dos puntos anteriores publicaranse no [taboleiro electrónico da sede electrónica da Universidade de Vigo](#), no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo e producirán os efectos da notificación de conformidade co artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico do dominio uvigo sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

10. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas seleccionadas deberán aceptar a concesión da praza nun prazo de **5 días hábiles** desde a publicación da resolución definitiva de adjudicación do destino. De non facelo nese prazo, entenderase que renuncia á praza de mobilidade.

O estudiantado en lista de agarda que resulte seleccionado con posterioridade a este prazo, deberá aceptar da mesma forma nos **5 días seguintes á súa selección**.

Toda renuncia a unha praza xa aceptada con anterioridade deberá comunicarse por escrito ao correo electrónico practicass.ori@uvigo.gal.

O estudiantado que renuncie fóra de prazo e sen xustificación poderá ser penalizado en vindeiras convocatorias de mobilidade da ORI.

11. OBRIGAS DO ESTUDANTADO

A persoa beneficiaria deberá:

- Cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013, do 17 de novembro, xeral de subvencións que lles sexan de aplicación.



Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

- Enviar ás institucións/empresas de destino a documentación que lle sexa requirida no prazo estipulado por estas institucións.
- Matricularse na Universidade de Vigo durante o curso 2025-2026. Non se pagará matrícula na universidade de destino. Non obstante, algunha das universidades de destino poderá esixir ao estudiantado algún tipo de taxa en concepto de organización de actividades, material, etc.

➤ ANTES DE INICIAR A ESTADÍA

As persoas seleccionadas deberán presentar a seguinte documentación:

- Acordo de formación ou **Learning Agreement for Traineeships**, asinado. O persoal da Oficina de Relacións Internacionais non ten competencias na xestión dos acordos de aprendizaxe.
- **Copia da tarxeta sanitaria europea e copia dun seguro de asistencia en viaxes** que cubra o período completo de estadía, incluídas as viaxes. O estudiantado recibirá instrucións desde a ORI sobre as condicións mínimas requiridas (repatriación, etc.). No caso de ampliar o período da estadía deberá comunicalo á aseguradora para ampliar a cobertura do seguro e achegar o comprobante desta ampliación.
- **Convenio de subvención** que lle será remitido desde a ORI e que deberá estar asinado polas dúas partes (estudiantado e persoa coordinadora institucional da Universidade de Vigo) antes do inicio da estadía. Considerase como inicio de estadía a data na que o estudiantado deba estar presente no destino. A data de finalización da estadía será a do último día que o estudiantado deba estar presente no de destino. O estudiantado deberá comunicar estas datas á ORI coa antelación suficiente para poder realizar os trámites relacionados coa súa estadía Erasmus+.
- **Xustificante de ter realizada a proba do Online Linguistic Support (OLS)**: o estudiantado deberá realizar unha proba de nivel obrigatoria do idioma que empregará como idioma de estudo en destino no caso de estadía de longa duración ou se estadía supera os 14 días no caso de estadías de curta duración. Os resultados non impedirán que poida realizar a estadía de mobilidade. En función do resultado obtido, poderá ter acceso a unha plataforma de aprendizaxe en liña antes ou durante o seu período de mobilidade. A información sobre estas probas pódese consultar na web da EU Academy.
- **Tramitar o seu visado e aboar os gastos**, se é necesario, e asegurarse das condicións deste sobre todo no caso de estudantes con nacionalidade de países extracomunitarios e sen permiso de residencia permanente en España. No caso de Reino Unido, para as estadías superiores a un cuadrimestre é obrigatoria a tramitación do visado, con requisitos de certificación de inglés e a contratación dun seguro obrigatorio.

➤ TRAS O INICIO DA ESTADÍA

As persoas seleccionadas deberán presentar a seguinte documentación:

- Entregar na ORI o certificado de chegada (*Arrival Certificate*) conforme ao modelo publicado na páxina desta convocatoria no [Portal de bolsas](#), cuberto e asinado pola institución de destino. A data que figura no documento de chegada non poderá ser anterior á que figura como data de comezo no convenio de subvención asinado polas partes.
- **Ampliación da estadía**: O estudiantado deberá comunicar con tempo suficiente o seu interese en ampliar a duración da estadía, antes da data de finalización establecida no convenio de subvención, co visto e prace do/a director/a de tese na Universidade de destino e de acollida. O estudiantado tramitará os cambios no *Learning Agreement for Traineeship*, se procede, co/a



Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

director de tese na Universidade de Vigo e comunicaraos á comisión académica do programa de doutoramento correspondente.

No caso de ampliar o período da estadía, o estudiantado deberá comunicalo á aseguradora para ampliar a cobertura do seguro e achegar de novo o comprobante desta ampliación.

- **Redución da estadía:** O estudiantado que decida reducir a súa estadía deberá comunicalo á institución de destino, á EIDO da Universidade de Vigo e á ORI o máis axiña posible. Neste caso, deberá reintegrar a parte proporcional da axuda que recibira. No caso de estadias curtas, a duración de estadía non poderá ser inferior a 5 días e no caso de estadias de longa duración, de dous meses.

➤ AO FINALIZAR A ESTADÍA

As persoas seleccionadas deberán presentar a seguinte documentación:

- Acreditar a estadía efectiva, así como a súa duración, mediante un certificado orixinal de fin de estadía (**After the mobility**). Para ser válido, este certificado deberá ser asinado pola persoa responsable na entidade de acollida e incluír o selo oficial da devandita institución. Este certificado deberá enviarse por correo electrónico a practicas.ori@uvigo.gal.
- **Incorporación das actividades ao expediente:** O estudiantado deberá incorporar a información sobre a estadía ao seu expediente na secretaría virtual, premendo no documento de actividades.
- **Declaración xurada de ter realizada a viaxe ecolóxica,** ida e volta do traxecto principal, acompañada dos xustificantes (billetes de tren, autobús, etc.), se procede.
- Envío da **enquisa UE (EU Survey)** realizada en liña nos **30 días naturais** posteriores á recepción da invitación que recibirá por correo electrónico. A Universidade de Vigo poderá requirir o reembolso da axuda financeira concedida, ao estudiantado que non cubra e envíe a enquisa UE en liña.

12. REINTEGRO DA AXUDA E PERDA DO DEREITO DE COBRO

A revogación da concesión desta bolsa ou a declaración da perda do dereito de cobro suporán o reintegro das cantidades xa aboadas por parte da persoa beneficiaria polos seguintes motivos

- Non realizar a estadía de mobilidade prevista.
- Non cumprir cos requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- Non cumprir coas obrigas das institucións de destino
- Incurrir nas incompatibilidades establecidas nesta convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Perder a condición de universitario/a, durante todo o período de goce da bolsa.

13. SINATURA DE DOCUMENTOS

Os documentos que precisen ser asinados polo estudiantado nesta convocatoria deberán asinarse dixitalmente co DNI electrónico ou cun certificado de persoa física emitido pola Fábrica Nacional de Moneda y Timbre (FNMT). Recoméndase consultar o [manual](#) para a obtención do certificado de persoa física.

Non poden misturarse firmas electrónicas con firmas manuscritas. De non ser posible a firma electrónica, os documentos deberán ser asinados de forma manuscrita.





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

14. USO DO CORREO INSTITUCIONAL E CONTACTO COA ORI

O estudiantado deberá utilizar sempre o correo do dominio uvigo para dirixirse á ORI e seguir as normas de uso de correo electrónico que se publicarán xunto a esta convocatoria no [Portal de bolsas](#).

O alumando deberá dirixirse sempre a practicas.ori@uvigo.gal para todos os temas relacionados con esta convocatoria e a súa estadía.

15. TRANSPARENCIA

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

16. PROTECCIÓN DE DATOS

A información sobre a política de protección de datos está dispoñible no [Portal de bolsas](#).

17. GLOSARIO PARA A ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN:

A continuación indícase a nomenclatura que se debe utilizar para presentar a documentación requirida.

Documentación para entregar coa solicitude:

Documentación para achegar coa solicitude:	
Carta de pre-aceptación da empresa/institución	Preacceptacion-apelido1-apelido2-nome/s
Informe da persoa titora	Informe titor- apelido1-apelido2-nome/s
Certificado académico de estudos previos, se procede	tor- apelido1-apelido2-nome/s
Acreditación do nivel de idioma, se procede	cid-apelido1-apelido2
Copia do DN	dni- apelido1-apelido2-nome/s
Certificado de recoñecemento da discapacidade	certdisc- apelido1-apelido2-nome/s
Certificado Erasmus+	Certerasmus-apelido1-apelido2-nome/s
Documentación para achegar unha vez seleccionados/as:	
Renuncia	re- apelido1-apelido2-nome/s
Ficha de perceptores	banco- apelido1-apelido2-nome/s
Certificado titularidade bancaria	certbanc- apelido1-apelido2-nome/s





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

Acordo de formación ou Learning Agreement for Traineeships (LA)	LA- apelido1-apelido2-nome/s
Convenio de subvención	cs- apelido1-apelido2-nome/s
Copia da Tarxeta Sanitaria Europea	ts- apelido1-apelido2-nome/s
Póliza do seguro	seg- apelido1-apelido2-nome/s
Visado, se procede	vis- apelido1-apelido2-nome/s
Documentación para achegar antes ou durante a estadía	
Documento de ampliación da estadía (de ser o caso)	amp- apelido1-apelido2-nome/s
Documento de chegada a destino (<i>arrival form</i>)	dll- apelido1-apelido2-nome/s
Documentación para achegar ao rematar a estadía	
Certificado orixinal de fin de estadía (<i>After the mobility</i>)	cefin-apelido1-apelido2-nome/s

Código seguro de Verificación : GEN-5d63-7bbf-0425-5c3f-0e8d-5b6a-fda2-66f4 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

